

CAMPIONATO DE EUROPA JUNIOR DE JUDO

12/14 setembro 2008 VARSOVIA (Polonia)
Masculino e Feminino

GRAN ACTUACIÓN DA JUDOKA GALEGA, SARA ÁLVAREZ FOLGUEIRA, AO PROCLAMARSE CAMPIOA DE EUROPA NA CATEGORÍA JUNIOR.

O OUTRO JUDOKA GALEGO PARTICIPANTE, DANIEL MAQUIEIRA CARRASCO, A PESAR DE SER AÍNDA CADETE, OBTIVO A 7º PRAZA.

Dous judokas galegos, Sara Álvarez e Daniel Maquieira, lograron no circuito internacional clasificarse para o Campionato de Europa Junior por méritos propios e chegaron á competición, que se disputaba en Varsovia, coa tranquilidade de que non se lles esixía chegar máis aló das súas posibilidades e cumpriron sobradamente, en especial a nova judoka lucense da categoría de +78kg que venceu nos seus catro combates e obtivo a 1º praza no torneo continental, facendo boas as previsións e os desexos da Federación, de seu club, dos seus adestradores, de seus pais e dos seus compañeiros.

Sara Álvarez, a gran judoka lucense do Judo Lugo - club no que se formou e no que adestra na actualidade tras o seu paso polo C.T.D.G. de Pontevedra, non se deixou vencer nin polos nervios da alta competición nin pola presión ambiental e conseguía o terceiro metal europeo na historia do Judo Galego e acadaba a primeira medalla de ouro europea para Galicia despois de realizar unha competición case que perfecta.

O primeiro combate enfronto a Sara contra a judoka de Austria, Julia Pfeifer, á que se impuxo con relativa facilidade por ippon. O segundo combate, ante a judoka polaca Joanna Jaworska, estivo algo máis apertado en puntuación, aínda que o desenlace volvería favorecer á judoka galega.

Xa en semifinais chegaría o choque crave fronte á judoka de Gran Bretaña, Ashley Fleming, que perdeu fronte a Sara tamén por ippon de inmovilización. No último e decisivo combate que a enfrontaba á judoka bielorusa, Marina Slutskaya, polo título continental, Sara conseguiu o triunfo marcando un ippon por inmovilización aos 27 segundos.

Pola súa banda o judoka do Club Lobeira de Vilagarcía, Daniel Maquieira, que empezou mal perdendo o seu primeiro combate, venceu nos dous seguintes da repesca e caeu eliminado no terceiro, téndose que conformar coa 7ª praza, resultado moi bo tendo en conta que este era o seu debut europeo e que con 16 anos aínda é cadete.

CAMPIONATO DE EUROPA JUNIOR DE JUDO

12/14 setembro 2008 VARSOVIA (Polonia)
Masculino e Feminino

A medalla de Sara foi a única da Selección Española e o seu resultado xunto a 7º praza do tamén galego Daniel Maquieira foron os mellores resultados do equipo español.